

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDAS POSTERIORES TRANSMISIÓNS NO CONCELLO DE AMES.

Esta xefatura territorial ditou en data 28-10-2013 resolución de inicio do procedemento de adquisición de vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C92501, conta 4, situada no Concello de Ames na r/ Raxoeira, 3, P-1, 4º A.

En data 05-11-2013 rematou o prazo para a presentación de solicitudes de participación no devandito procedemento.

O procedemento de selección de adquirentes de vivendas protexidas de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións regúlase no artigo 31 do Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

No prazo de presentación de solicitudes non se presentaron peticións de inclusión neste procedemento.

Baseado en todo o antedito, RESOLVO:

1º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do I.G.V.S.

2º Outorgar aos interesados un prazo de reclamación de 7 días hábiles, contados dende o seguinte ao da referida publicación.

A Coruña, 20 de novembro de 2013
O xefe territorial da Consellería de
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

José Antonio Álvarez Vidal